

Pilar Allegue

“Eu nunca fun señora de ninguén pero si compañeira. Eu sempre fun Pilar Allegue Aguete”. Pilar Allegue Aguete naceu na Coruña en 1946, onde pasou a súa infancia. Desta etapa garda Pilar moi boas lembranzas, especialmente asociadas á figura de súa nai e de súa avoa, María; ou Mariquiña como lle chamaban na casa. A nai de Pilar Allegue, tamén chamada Pilar, era unha muller de fortes conviccións republicanas que viviu coa constancia dos soños roubados polos falanxistas. Pilar era unha muller de condición humilde que tiña unha ilusión: chegar a ser mestra. Ao igual que a República, as ideas de Pilar, como as de moitas mulleres coetáneas, foron truncadas polo golpe militar do ano 1936. Como consecuencia, ela -e todas as mulleres que viviron o retroceso social que supuxo o franquismo- viuse na obriga de quedar na casa, opción imposta e sen alternativas. Esta circunstancia influíu decisivamente na vida de Pilar Allegue, tanto desde a súa propia percepción dos feitos como polo empeño con que súa nai, e tamén seu pai, loitaron convencidos para que súa filla puidese estudar. Contrariamente aos modelos sociais de servidume impostos para as mulleres, a nai de Pilar Allegue nunca a obrigou a facer nada na casa.

“Dentro da miña casa, na miña familia, somos dous irmáns e, vaia, non é que non houbera diferencias... Miña nai era republicana e entón tiña tan claro que a ela os falanxistas lle cortaran a vida... porque ela, de clase popular, quería ser mestra e na república podería telo sido. Ese era o seu grande ideal e quedou na casa, como muller, pero sempre frustradísima, por estar na casa, por traballar sen salario. Entón ela dixó: -eu estou na casa pero ti vas facer o que eu non fixen. Non son unha muller clásica. Xa de pequena, a verdade, estudaba; eu estudaba”.

Os libros foron compañeiros inseparables de Pilar durante a súa infancia e continuaron a selo durante toda a súa vida. Os esforzos de súa nai e de seu pai para



que súa filla estudase materializáronse cando Pilar se matricula primeiro na Universidade de Santiago de Compostela e, posteriormente, na Universidade Complutense de Madrid, onde se licenciou, graduou e doutorou en Filosofía e Letras, na sección de Filosofía.

A súa etapa de estudante foi decisiva no seu devir profesional e persoal, xa que durante estes anos de estudante Pilar asume un forte compromiso político e participa activamente en diferentes organizacións de esquerdas. A súa actividade política faise especialmente intensa cando marcha para Madrid, onde acabará a carreira iniciada en Santiago de Compostela.

O seu período universitario coincide nun momento de grande conflitividade social, marcada polo contexto da Guerra de Vietnam, e fórmanse nela os ideais de loita anti-imperialista e anticapitalista. Precedendo o maio do 68 francés, a universidade foi nos anos 60 un espazo de reivindicación e de rebelión contra o franquismo e a persecución e as represalias contra toda persoa que cuestionara o réxime non eran alleas ao ámbito universitario. Así, no ano 1965 expulsan da universidade, entre outros, o profesor López Aranguren, catedrático de ética e de socioloxía, e o profesor García Calvo, catedrático de grego. Conscientes da necesidade de abrir barreiras e de achegarlle ao alumnado ideas novas, visións diversas do mundo, coñecementos non censurados, a expulsión da universidade non foi suficiente para acabar coa vocación deste profesorado. A perda do espazo físico das aulas non calou a súa voz e conseguiron habilitar nun pequeno local da rúa Serrano de Madrid unha aula improvisada onde se impartían aquelas materias prohibidas na universidade. Nesta etapa Pilar foi alumna de Javier Sádaba e de Xabier Muguerza, tamén expulsados durante o franquismo, e cos que coincidiu despois durante a súa carreira profesional.

Pero as represalias non afectaron unicamente ao profesorado da universidade onde Pilar estudaba. Ela mesma sufriu as consecuencias de pensar e facer oposición, polo que chegou a ser expulsada do colexio maior onde residía por colocar carteis contra a guerra de Vietnam no propio colexio. Nese momento cursaba cuarto da carreira e a súa situación persoal, a súa carreira, estiveron en risco debido a que a familia non podía permitirse grandes gastos para pagar os seus estudos. A existencia dunha caixa de aforros, a Caixa de Aforros de Vigo, con vontade social permitiulle conseguir a partir da colaboración dunha amiga un préstamo co que puido acabar os estudos e que mesmo lle permitía poder vivir un tempo despois ata encontrar traballo, cousa que apenas tardou. Con 22 anos exercía de profesora nunha filial do colexio Isabel A Católica de Madrid.

Apostou desde moi nova pola organización política e durante os anos de universidade foi representante do sindicato SDEUM, un sindicato estudantil creado no



ano 67 en Madrid (pero que xa existía desde o ano anterior en Barcelona co nome SDEUB) e cuxo obxectivo era contrarrestar a presenza do sindicato SEU, converténdose a mocidade nun dos motores contra o franquismo.

En Madrid, Pilar entra tamén en contacto co nacionalismo organizado politicamente. A súa andaina comeza no club Amigos da UNESCO, a onde chega a partir duns carteis nas facultades anunciando aulas de lingua e cultura galegas. Decide asistir e coincide con xente como Ben-Cho-Shey, Bautista Álvarez, Vicente Vázquez... Neste contexto entraría en contacto co ideario do movemento nacional popular galego e faise nacionalista. Alí reúnense algunhas das persoas que despois, ao regresar a Galiza, teñen un importante papel na loita antifranquista e nacionalista. Na Complutense tamén participa nos Comités de Nacionalidades, unha conxunción de persoas procedentes de Euskadi, Galiza e Catalunya que se reunían de forma asemblearia para falar de diferentes cuestións que afectaban ás nacionalidades.

Os anos universitarios acaban. En 1973 Pilar e Vicente deciden volver para Galiza. O seu destino será a cidade de Pontevedra, onde continúa o labor político-social no nacionalismo iniciado en Madrid, a pesar de que á súa chegada apenas existen entidades con peso. A partir de aquí é responsable da creación no ano 1975 da Asemblea Nacional Popular Galega (ANPG), que é unha fronte que agrupa xente que cre no país, que cre en Galiza. En coalición electoral coa UPG, a ANPG preséntase ás eleccións xerais de 1977 baixo as siglas de BN-PG. Pilar non sae elixida pero si Bautista Álvarez, Lois Diéguez e Claudio López Garrido, que serán expulsados da cámara por negarse a xurar a constitución, con Albor como presidente.

Nas eleccións municipais do ano 79, coa ANPG xa legalizada, saen elixidas das listas do BN-PG catro mulleres nas primeiras corporacións democráticas: Cuqui Fraguela en Santiago, Teresa Conde Pumpido en Vigo, ela en Pontevedra, e na Coruña Margarita Vázquez Veras. Destaca a presenza das mulleres no nacionalismo -“mulleres no bloque houbo sempre, e nos primeiros lugares”- pero tamén recoñece que moitas veces non co protagonismo de seren mulleres xa que non existe a transversalidade no pensamento político.

“Non había unha visión de mulleres, nin feminista, nin nada de nada dentro das organizacións. Ti eras un individuo que estabas aí coa túa carga como fora. Independentemente de que tiveras casa, de que tiveras traballo, de que tiveras... e de que todo ademais recaera sobre ti, non? E de que foras nai nese momento e tiveras incluso que alimentar unha nena pequena. Pero iso non contaba. Nas organizacións non contou, durante moitos, moitos anos. Entón, claro, estas cousas inciden en como te tratan e inciden dalgunha maneira... A ver, a min chamábanme,



non sei; creo que tiña un sobrenome que era algo así como 'la matrona' [...] porque o teu feminino impregna todo. Pero os partidos, ata hai ben pouco tempo non eran sensibles a nada disto. Y ti actuabas como un individuo máis, tampouco requirías un comportamento diferente”.

Como concelleira viviu o intento de golpe de estado do 23 de febreiro de 1981 con certa tensión e preocupación polo que puidera pasar. De feito, as informacións recibidas co paso do tempo, corroboraban o atinado do seu pensamento:

“Bon, se puxeramos entre paréntese, teño que dicirvos que cando foi o intento de golpe de estado eu estaba na lista das persoas que ían para ser fusiladas. [...] Estaba María Xosé Queizán e estaba eu. [...] Chamábanme comunista. Comunista, si. [...] Era concelleira no concello de Pontevedra. Entón claro, cando é o golpe... Á parte que era responsable de toda a comarca. E fíxate que [...] todas as persoas responsables de cada unha das asembleas que había na zona de Pontevedra estaban reunidas na miña casa. E ben, eu tiña unha nena pequeniña, que acababa de nacer, tamén; non quixen saír da casa. Pero ben, eu figurei na lista das persoas que ían a ser represaliadas nada máis que triunfara o golpe. E ademais colliannos a todas xuntas. Desde Chano, ata Pepe de Bueu, ata Obelleiro... bon, estaba todo o nacionalismo de Pontevedra responsable, estábamos xuntos naquela noite. Estivemos escoitando todo, non!

[...] Ás oito da mañá marchamos para o concello e digamos que o sinal que recibimos foi que fóramos todos para a nosa responsabilidade e que estivéramos presentes diante da xente. Entón ás oito da mañá marchamos para aí. Eu marchei para o concello e os outros que eran tamén concelleiros nos seus respectantes sitios (en Marín, en Bueu, en Poio, en Arcade, Soutomaior e tal)... ben, pois, fomos para o concello e alí despois souben que Fortes, por exemplo, pois que o levara Queizán para... que o pasara para Portugal. E, vaia, no meu caso eu sei que ese grupo, que eran falanxistas, que había algún que me quería protexer e que pensaban que nos ían poñer unha ambulancia en caso de que nos viñeran buscar pero diso decatámonos posteriormente. Para sacarnos! Pero, claro, fíxate en aquel momento se uns che din: -Vén, vén para aquí que te tal... Pois non saberías ti tampouco para onde te levarían pero vaia... non sucedeu isto, non. Isto soubémolo posteriormente. E se teño que dar nomes, dou o nome porque era Murillo, que en aquel momento tiña unha clínica e que dixo: -Non, non. Non consentiríamos que te matasen. Tiñamos unha ambulancia disposta para pasarvos a Portugal”.

Por contra, a súa entrega e compromiso non estivo exento de momentos tensos, pois en 1984 é expulsada da organización política por motivos alleos ao seu traballo.

“No segundo ano de compromiso municipal teño a segunda filla e iso obrigábame a... vaia, a non abandonar o traballo público nin o traballo municipal sendo a única representante do BN-PG, hasta tal punto que eu... é dicir, Vicente levábame a nena para mamar dentro do concello. Pero hai un abandono do que eran 'las reuniones corporativas' e esa é a razón pola que me expulsan da UPG. Eu non fago... digamos, causa de nada disto, pero logo, reflexionando co tempo, si que te das conta de que naquel momento as organizacións non eran permeables a nada que non fose o seu obxectivo; é dicir, nas organizacións, sobre todo nas organizacións de esquerdas de matiz marxista, e sobre todo a UPG, que era marxista-leninista, o centralismo democrático funcionaba rigorosamente. E despois, ademais, as cuestións privadas nunca deberían ser antepostas ás cuestións públicas ou políticas. De tal maneira que ti xamais dirías que estabas ata arriba de atender a casa, de atender a nena, de atender a política municipal, de ser a portavoz pública



en todas partes do mundo mundial porque, claro, estabas desde o que era a fronte cultural que significaba en aquel momento o gran labor que se facía nas asociacións culturais ata a responsabilidade institucional e política”.

A nivel emocional, confesa que a expulsión se encaixa fatal porque non se sente responsable de nada malo. Ela seguía co seu compromiso público total. A partir deste momento, pasa a unha militancia diferente e dedícase á tese que tiña abandonada e recupera a carreira universitaria.

Da súa faceta profesional, Pilar impartiu aulas como adherida no instituto Valle Inclán en pre-universitario e traballou na UNED con status de bolseira, que era, e é aínda hoxe, o contrato que por norma lle facían ao profesorado. Non tiña nin seguridade social e gañaban catro pesetas, afirma. A pesar da precariedade, esta situación permitiulle facer política durante 13 anos e ter ao mesmo tempo esa presentación de profesora de universidade. Posteriormente, gaña unha praza na universidade Vigo da especialidade de Filosofía do Dereito. Este traballo obrígaa a centrarse na súa carreira pois, ademais de estar co alumnado, na súa concepción do que é unha profesora de universidade entran as relacións con outras universidades, aprender do que hai no mundo e facer estancias investigadoras, relacionarse con outro profesorado e que hai que investigar para ensinar... todo coa finalidade de lle transmitir ao alumnado este coñecemento adquirido a partir destas experiencias: *“Unha profesora de universidade ten que ter unha gran dedicación ao estudo e á investigación”*.

Como profesora asume outro reto importante, xa que decide impartir as súas aulas en galego desde o ano 1973, no momento en que volve a Galiza e en pleno franquismo:

“Desde o principio, nós decidimos, é dicir, decidiuse na UPG, decidiuse na ANPG: - desde mañá empezamos a dar clases en galego. Eu sempre din as clases en galego, sempre, e recordo ao Suevos que dixo: -mañá empezo a dar as clases en galego na universidade. E así foi”.

“A lingua é comunicación e a min paréceme que, no caso do galego, non hai que facer que a xente que sempre o mantivo, porque son a raíz do país e o cerne do que somos, que non se vaian encontrar como alleos á súa propia lingua, á súa propia cultura”.

Para alén do desenvolvemento da súa carreira profesional, en Vigo tivo unha militancia importante no feminismo académico. Un dos feitos que destaca é a participación na Universidade de Vigo do I Máster de ‘Educación en igualdade de xénero. Políticas de igualdade’, da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas en 2005 coa ponencia Globalización, mulleres e dereitos humanos. Esta será unha das moitas achegas coas que Pilar contribúe ao estudo teórico do feminismo durante a súa carreira.



Na Universidade de Vigo acabará a súa carreira profesional pero non a súa militancia pois Pilar Allegue sempre ten a porta aberta ao compromiso e á colaboración con aqueles ideais que defendeu ao longo da súa vida.